



M<sup>a</sup> Teresa García Guillán, concelleira do PSdeG-PSOE da Pobra do Caramiñal, integrada no Grupo Mixto, ao abeiro do disposto no art. 97.3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a corrixir a contaminación acústica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños da rúa Rafael Calleja e adxacentes veñen sufrindo ruídos, de maneira continua dende hai máis dun ano, con medicións santométricas feitas por unha empresa homologada, nas cales consta que o ruído é de ata 100 veces por riba do permitido. Ademais nesas rúas hai actividades insalubres como miccións, vómitos,... que sobre todo no verán desprenden cheiros nauseabundos sen que o Concello pase a diario a limpar.

Somos conscientes que os ruídos representan riscos para as persoas que habitualmente se queixan de zumbidos nos oídos, fatiga auditiva, mareos, stress, danos cardiovasculares, trastornos do sono, alteracións do comportamento, cefaleas, irritabilidade, limitacións no rendemento do traballo... A deficiencia auditiva é un dano dos máis comúns que pode estar acompañada de distorsión do son ou sensación de ruídos que non están no ambiente i é considerada unha limitación social grave, pois incluso pode prexudicar a percepción da fala. É dicir, o ruído por riba do permitido pode constituír un problema sanitario. E o dereito o descanso é irrenunciable.


En calquera caso, a Administración local debe compatibilizar o dereito do local de hostalería, co dereito dos cidadáns o descanso e o disfrute da vivenda.

E por elo, que solicitamos que o Pleno adopte os seguintes

## ACORDOS:

- Erradicar e afrontar de maneira eficaz e dilixente a problemática da contaminación acústica e actuar decididamente ante as numerosas denuncias dos veciños de Rafael Calleja e limítrofes.
- Limpar diariamente de vómitos, miccións,... as rúas adxacentes a Rafael Calleja

A Pobra do Caramiñal, a 05 de febreiro de 2018.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized initial 'J' or 'G' followed by a horizontal line.

M<sup>a</sup> Teresa García Guillán

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**